




## A INAPRAZABLE DEFENSA DA TERRA



### A chamada da vida

*Perecermos co olvido  
ou triunfar co cuidado  
fracasarmos co abuso  
ou coa paz solecer.*

*Rescatar a tenrura  
da terra e mais da auga  
que nos deron feitura  
e mansamente o ser*

*Enfortecer o débil  
porque nos é pertenza  
entraña de nós mesmos  
outro nome do eu.*

*Ir tecendo na vida  
a solidariedade  
coa auga e mais coa terra  
e así avivecer.*



**i** mos facendo memoria:  
**r** ecobrando o ser galego que esquecimos.  
**i** mos sementando patria:  
**m** an con man inxertandoa entre os veciños  
**i** mos facendo outra historia.  
**a** favor dos rebaixados e oprimidos.

**EDITA:** Empresa periodística A. IRIMIA

**DIRECTOR:** Victorino Pérez Prieto, 27870 Xove (Lugo) Teléfono 59 20 28 Fax: 982 - 592704 IRIMIA

**MESA DE REDACCION:** Xosé A. Miguelez, Daniel López Muñoz, Alfonso Blanco Torrado, Manolo Regal, Xosé Lois Vilar, Marta Sopena. Gumersindo Campaña

**RESPONSABLES E COLABORADORES:** Ramón D. Raña Xosé Manuel Carballo, Tereixa Ledo, Xosé Chao, Pauliño Pérez-Mendaña, Colectivo "A Rella" (Antonio Fdez. Oca, Eliseo Miguélez, Constantino Mariño, Tonecho Meixide Fdez.) Juan Antonio Pinto Antón, Alexandre Martín, Guillermina Mosquera, Eladio Vega, Francisco Carballo, Tintxu, D. Miguel Anxo Araujo, Miguel Suarez Abel.

**DISTRIBUE:** Mosteiro do Císter, Sobrado dos Monxes (Coruña)

**SECRETARIA E ADMINISTRACION:** Apdo. 5 Vilalba (Lugo). Telf. 982 - 508178

**CONTA** na Caixa de Aforros de Galicia, Villalba, n. 04950/0.

**SUSCRIPCION** por un ano: 1.800 pts. (1990)

**DEPOSITO LEGAL** C-1417-81

Permitese a reprodución total ou parcial, citando a procedencia.

A imprenta non se fai responsable dos erros cometidos nos artigos.

Impreso en GRAFICAS BAO.- Clérigos, 25 - LUGO.

**TABOLEIRO**

**— Encontro de mocidade simpatizantes de Irimia**

Domingo 13 de xaneiro, de 10,30 a 19 horas.  
 Centro Xuvenil Don Bosco, rúa Belvis 2  
 Santiago de Compostela  
 Contacto: Beatriz García Turnes  
 Rúa Santiago de Chile 7, 7º C.  
 Tfno. (981) 594255 - Santiago

**— Irimianza encontro simpatizantes de Irimia**

Sábado día 2 de febreiro  
 Lugar: Pazo de Galegos (Frades-A Coruña)  
 Horario: todo o día  
 Contacto: Pepe Chao (981) 585588  
 Carmela (981) 590142

**O TRASNO**

Daniel López Muñoz

**Non me tóque-los concellos**

**H**ai cousas pero que moi sagradas na política enxebre. Por iso pasou que don Victorino, señor de Ourense, foi quen de ceibarlle, sen o menor pudor, a don Manuel, señor de Galicia: "Mira, meu patrón, querer, quérote coma poucos, pero, carai, non sigas, non me andes aí, carafio, non me toque-los concellos".

E a cousa foi porque, como ben saben os políticos incombustibles, non hai poder -pero poder-poder, non poder-trapallada- en Galicia que non afundaas súas raíces nunha requintada rede de alcaldes ben fincados. Fincados no seu territorio, na sociedade local ou, sen máis miramentos, nas costas dos seus veciños.

A politiquiña local, escura e discreta, é a clave para entende-la gran política fachendosa e rimbombante. Se cadra ten moito que ver todo iso cunha mentalidade herdada de pais a fillos, cun asentamento disperso en parroquias non recoñecidas, coa natureza de pequeno propietario contribuinte que temos aquí case todo quisque, coas casiñas que cada quen foi levantando bordeando normativas pensadas para outros sitios, cos prezados "regalos" dunha pista, dun

asfaltado, dun punto de luz, etc...

Ora por medo a unha ameaza que apenas se insinúa, ora pola gratitude infantil a un favor que non era tal, o caso é que, nos concellos, os asuntos resolvéense, en definitiva, nunha relación persoal alcalde-veciño, relación bastante desequilibrada, pouco transparente e nada gratuita.


¿Quen se enteira se hai acordos ilegais, se non se convocan plenos non comisións, se se amaña todo por detrás con tratos clientelistas, se hai concesións e contratas obtidos por información máis que privilexiada? ¿E a quen lle importa? ¿A prensa?. Se non hai violencia física, non interesa: ¿Os políticos?. Hoxe por ti mañá por min.

Por iso que son de moita risa para os políticos enxebres os romanticismos de certa progresía académica e imberbe sobre o concello como berce de democracia, administración próxima ós cidadáns, primeiro chanzo dunha sociedade autoxestionada e demais historias.

O máis mosqueante do caso é que, pola outra banda, pola dos partidos birgueros, tampouco vai haber acordo electoral ¿El será polas mesmas causas? ¡Ai, Jasús!

**O CARRABOXO** por XOSÉ LOIS

{Ei, non vale, que o Victorino estáse apoiando fora de Ourense!}





## CANCÍONS

*Nunha noitiña escura,  
con ansias en amores aburada,  
¡Ouh ditosa ventura!  
saín sen ser notada,  
estando xa a casa sosegada.*

*As escuras, segura,  
pola secreta escada disfrazada  
¡Ouh ditosa ventura!  
sen luces e en celada  
estando xa a casa sosegada.*

*Na noitiña ditosa  
en secreto -ninguén a min me vía-,  
nin eu ollaba cousa,  
sen outra luz e guía  
senón a que no corazón ardía.*

*Esta luz me guiaba,  
máis certo que a luz do mediodía,  
a onde me agardaba  
quen eu ben che sabía,  
alí onde ningunha aparecía.*



*¡Ouh noite que guiaches,  
ouh noite amable máis que a alborada;  
ouh noite que xuntaches  
Amado con Amada,  
Amada no Amado transformada!*

*No meu peito florido,  
que enteiro para el só eu gardaba,  
alí quedou dormido,  
e eu o aloumiñaba  
e o arrollo dos cedros aire daba.*

*O aire da almena  
cando eu o seu pelo espaxéixia  
coa súa man serena  
o meu colo fería  
e tódolos sentidos suspendía.*

*Quedeime e esquecime,  
a face recostei sobre do Amado,  
cesou todo, e deixei  
deixando o meu coidado  
por entre as azucenas ignorado.*

## Xoan da Cruz, místico, poeta e santo

Anunciabamos xa no nº anterior de IRIMIA o IV centenario deste home Xoán da Cruz (1542-1591). Foi un frade, dos carmelitas descalzos -así se chamaban-, que no século XVI se converteu nun extraordinario guía e mestre de cristiáns.

Tivémo-lo atrevemento de traducir ó galego a presente canción, unha das mellores pezas da poesía universal. Xoán da Cruz foi un bo poeta, compoñía cancións, e logo comentábasas. A presente canción é a base de dous dos seus libros: "Subida al monte Carmelo" e "Noche oscura"; os outros dous libros del "Cántico espiritual" e "Llama de amor viva", tamén son comentarios a outras cancións súas. Tódalas súas cancións parten do parecido do amor humano para afondar no amor con Deus.

Xoán da Cruz foi un místico; un místico quere dicir unha persoa que tivo a gracia de afondar moito no misterio de Deus, para coñecer algo, amalo e servilo moito. Xoán da Cruz segue sendo para tódolos cristiáns, cando menos, unha invitación moi activa para que nós, no noso tempo, tomemos en serio o nome e a realidade de Deus, afondemos tamén no seu misterio, que hoxe coma daquela é capaz de encher de gozo e senso a vida dos que lle dean fe, aínda que sexa no medio dunha noite escura.

## REMOENDO O EVANXEO

**"Eu, o Señor, escollinte para a xustiza... para que lle abra-los ollos ó cego, ceibe-lo preso da cadea e libres das tebras a quen está pechado no cárcere"**

(12 de Xaneiro. Bautismo do Señor. Is. 42, 10-4. 6-7)

## SOBRE OS DEBERES DO CRISTIAN

- **¿Cales son os deberes do cristián?**
- O cristián non ten "deberes"
- **Ben, pero terá algunhas obrigacións.**
- Se fai as cousas "por obrigación" non é cristian.
- **Pero terá que facer algo para gañar méritos para o ceo.**
- O face-las cousas por "gañar méritos" non é cristian.
- **Ben e logo, ¿como actúa un cristián?**
- O cristián actúa por gracia, vive en gracia, ou sexa: gratis, por agradecemento.
- **¡Aí xa! neste mundo non se dá nada gratis.**
- Non. E iso é o raro do cristián: que se entrega gratuitamente a face-lo ben.
- **¿E que é iso da gracia?**
- E o don de Deus que é amor. E dáenos primeiro. Nós dámoslle grazas, vivimos agradecidos e poñemos todo o que somos e temos ó servizo dos outros.
- **Explicao un pouco máis.**
- Hai cinco tipos de xente no mundo: Os *instalados*, que non se preocupan máis que de mante-la súa situación; os *trepas*, que conspiran todo o día para medrar eles; os *amorfos*, que van tirando e déixanse levar pola vida; os *aplastados*, esclavizados, enganados, oprimidos... E quedan logo os *solidarios*, os pobres de corazón. Aí estaba Xesús.

(Collido do "Catecismo Alandar")






**AS ELECCIONS EN PORTUGAL**, o trece de xaneiro, van deixa-las cousas máis ou menos como estaban, máis cómpre un achegamento real ós veciños da outra beira do Miño: intercambios culturais e de nor-

mativización lingüística, mellores comunicacións, plans urxentes contra a contaminación do río Miño, coordinación na loita contra o narcotráfico, etc.




**CONVERXENCIA NACIONALISTA GALEGA** quere responder ós problemas do noso país, máis moito lle queda por andar, para verse libre dunha política caciquil que afoga o verdadeiro espírito do noso pobo. Pode ser un reencontro, pois tanto Centristas de Galicia coma Coalición Galega escomezaron a camiñar xuntos. Tampouco é doado entender como Victorino Núñez, sendo Presidente do Parlamento Galego, adica moitos esforzos a facer medrar o seu feudo político.

**INGLATERRA** máis cerca de Europa non só pola espantada da Thatcher, senón pola nova comunicación do Eurotunel, debaixo do Canal da Mancha. Mitterrand e John Major daranse unha apreta o vintecinco de xaneiro, despois de cae-la derradeira parede, aínda que só no noventa e tres poderase atravesar en ferrocarril en trinta e cinco minutos o de-




vandito canal. As obras escomezaron hai tres anos.

**O NOVO PRESIDENTE DE HAITI**, o crego Aristide, creou un volcán de esperanzas no seu pobo, sobre todo nos máis marxidados. O vindeiro sete de febreiro, cando se cumpren cinco anos da caída da dictadura de Duvalier, será o novo líder. Aristide é un bo teólogo e un home comprometido cos máis desvalidos. Hai que remontarse a 1804, cando Haití se independizou de Francia, para atopar unha esperanza tan afervoadada como a destas semanas.



**RETICÊNCIAS...**  
(1986-1989)

Ricardo Carvalho Calero




**DO GALEGO E DA GALIZA**

Ricardo Carvalho Calero



**VICENTE RISCO**  
**LAS TINIEBLAS DE OCCIDENTE**

gotelo blancoo





# 30.000 DESAPARECIDOS EXIGEN CASTIGO A TODOS LOS CULPABLES



**NON FOI UNHA INOCENTADA**, e o vinteito de Nadal, o Presidente da Arxentina, Menem deixaba en liberdade, ós responsables da desaparición de trinta mil arxentinos, du-

rante a dictadura que durou dez anos a partires de mil novecentos setenta e tres. Os arxentinos non queren cruzarse na rúa cos autores de tanta tolema.

o000



**CONTRA A GUERRA** e pola paz están tendo lugar moitas manifestacións nestas semanas, aínda que as máis importantes van ter lugar en moitas cidades de Europa, o doce de xaneiro. Integradas por move-

mentos ecoloxistas e pacifistas, foron convocadas pola Convención Europea para o Desarme Nuclear. A solución negociada é a teima de todos, nestas semanas de tensión.

-----

o000



**FERROL** volta ás rúas cheo de rabia, pois xa todo asemella un sarcasmo. Tódalas promesas fan auga, tampouco a SIV, a planta de vidro vai vir para Fene, e a mesma Bazán

está ameazada de redución de plantilla. Nin o Goberno de Madrid nin a Xunta fan nada para arrincar Ferrolterra do marasmo, nin coa privatización dos asteleiros hai amaño.

o000



**O REMATE DA TEMPADA DE CAZA** ven de demostrar unha vez máis o irracional da práctica deste deporte, en primeiro lugar pola falla de especies de caza, pois a excepción

do coello, todas están a desaparecer. Este desconcerto leva a algúns cazadores a desfacer a vida de especies de cento vinte aves en perigo de extinción.

## A RUTA PARIS-DAKAR

que remata nos días do ultimatum dado a Sadam Hussein para que deixe Kuwait, tamén tén en suspenso ós que participan nesta proba de automobilismo, na que o motor máis importante é a aventura. Xa son varios os mortos que deixou atrás nas edicións anteriores. O dezasete de xaneiro voltarán a velo mar que deixaran co Mediterraneo de Libia; é a etapa final.



o000



**A "NOITE ESCURA"** de San Xoán da Cruz estana a sufrir moitos mosteiros carmelitas, que están pasados ante a decisión do Vaticano de aproba-las constitucións dun grupo de mosteiros, unha minoría, que non parecen lembra-lo que supuxo o Concilio do Papa Xoán. Máis cerrollos, máis chaves, máis control da superiora..., en oposición á meirande parte das carmelitas que queren seguir vivindo o evanxeo, segundo o espírito aberto de Santa Teresa de Xesús.

o000



**"GALICIA NO TEMPO"** xa está preparada para poder ser contemplada. Esta exposición escomenzou por recuperar varias estancias do Mosteiro de San Martiño en Compostela, onde neste ano poderán verse máis de duascenas esculturas, retablos, etc. No vindeiro ano, nunha segunda mostra disfrutaremos da pin-

tura, e azabachería. E xa no Ano Santo, da arte do Camiño de Santiago. A exposición divídese en catro etapas: "As Raíces" (da prehistoria ata a romanización), "O Camiño" (a tempada das peregrinacións), "O esplendor" (séculos XVI-XVIII) e "A nova identidade" (a arte actual).

-----



## Eran tempos...

Por Mariano Guizán Sánchez



**E**l PSOE protege la mayoría absoluta del PP... la Cámara vivió una tarde de extrañas entradas y salidas de diputados socialistas que favorecieron a los conservadores... los socialistas no solo son una oposición de plásticos; también son complacientes... permiten, sin beligerancia, la aprobación de leyes que minutos antes habían deplorado o enmendado... acuerdo bajo cuerda... nada nuevo... devolución del favor... "pequeño negocio"... Rodríguez Pardo disculpa las entradas y salidas de los diputados socialistas. (De "La Voz de Galicia" dos días 28 e 29 de Novembro do 1990).

Agora isto; pero ¡que lonxe queda aquilo!. Hai tantos anos e cambiaron tanto as cousas que un xa ten dúbidas de que todo fose un soño. Coma un soño ilusionado de neno en noite de Reis. Desde logo, ser, foi naquela longa noite.

Estaba eu na Coruña -simple acompañante en día de vacacións- con dous amigos procesados polo Tribunal de Orden Público. Era no despacho dun avogado. Fallouse moito. Do presente, o problema que levaba alí ós amigos; algo do pasado e, sobre todo, do futuro.

Impresionoume a maneira de falar dun avogado. O que dicía e como o dicía. Liberdades, pluralismo, democracia, democracia, democracia... Raiolas de sol querendo alumar ó lonxe o nacer do día. O escoitar aquilo o todo parecía posible.

Por iso cústame crer que aquel avogado sexa o mesmo José Luis Rodríguez Pardo, agora portavoz do grupo socialista no Parlamento galego, que xustifica a desatención -se non algo peor- das obrigas de parlamentario, dicindo "yo no dejo al señor Cora para hacer el ridículo en una votación durante media hora para obtener el mismo resultado".

Mais, así e todo, velai temos outro novo concepto que vén enriquece-la ciencia política que aluma o divertido camiñar da democracia no noso país: "O VOTO RIDÍCULO". (Voto ridículo: Dise de voto que molesta, incomoda, desacouga, enfada, amola ou importuna ás maiorías establecidas). Axustado antónimo do xa moi aceptado "VOTO UTIL", esa inxeniosa aportación dos partidos grandes para desfacerse dos pequenos, silenciar minorías e disidencias e gobernar, disque, con "eficacia".

Claro que, aqueles eran tempos e cicais eu son un nostálgico. Aínda así, non vou dicir que isto non sexa a democracia. Todos, ou case, aceptámo-las regras deste xogo, as cousas están así e estes son os políticos que temos... Pero haberá que ilos cambiando, iso si. Con estas maneiras, o público, que é o que paga, o que vota, anoxa do espectáculo, desanímase, cansa e aborrece. "Pasa".

Entón si, sen un electorado interesado pola política, crítico e participante, entón si que non haberá democracia. De certo que, ó mellor tampouco é que interese moito.

Verdadeiramente, señor Rodríguez Pardo, esta vez os Reis volvéronme botar carbóns.

## A INA Conversa con a Det

**P**oucos se atreven xa a soste-lo de que o ecoloxismo é unha moda máis. O deterioro do medio ambiente, a desfeita producida polo desenrolismo irracional, e unha soberbia falla de respecto polo equilibrio fascinante que a natureza nos regala,... magoan a conciencia daqueles ós que aínda lles queda un tris de sensibilidade e agarimo pola terra. Para avivecer sensibilidades esmorecidas, bébedas de moto, coca-cola e disco-pub, traballan xentes como Carlos Vales, biólogo, profesor, lúcido militante da bonitura e o futuro deste país.

— Carlos, ¿que hai detrás da vosa loita ecoloxista? ¿Cómo valoráde-la situación do planeta?

— Estou convencido de que os problemas ecolóxicos do planeta teñen que ver co modelo económico de suposto progreso que funciona a nivel internacional, que non se basea no progreso da maioría da humanidade. Máis ben ó revés, para que unha minoría moi reducida da humanidade teña un alto nivel de vida, os outros tres cuartos da humanidade son empobrecidos. Iso ten o seu reflexo ecolóxico.

— Non parece tan clara a relación a primeira vista...

— Certamente os problemas ecolóxicos non son exclusivamente dos países capitalistas, como se acaba agora de demostrar: os países socialistas do leste de Europa, que hoxe están en crise, foron industrializados nunha época na que non había conciencia do problema e cunha ideoloxía que idealizaba as for-

zas productivas, un productivismo que non se preguntaba polos resultados e consecuencias sobre o medio ambiente. Así, a Unión Soviética, Polonia, Checoslovaquia teñen uns problemas gravísimos, desertización, contaminacións masivas, enfermidades,... Pero, claro, ¿cal é a diferenza? A diferenza é que os países capitalistas desenvolvidos cos Estados Unidos á cabeza, ademais de producirse problemas a si mesmos, exportáronos ó Terceiro Mundo pola vía do intercambio desigual e pola vía dun imperialismo máis ou menos encuberto. De maneira que hoxe aqueles países teñen uns problemas ecolóxicos gravísimos como son a destrución dos bosques tropicais, avance do deserto, funcionamento de industrias que nunca se admitirían en occidente, uso de pesticidas prohibidos, etc...

— ¿E pensas que no terceiro Mundo hai conciencia do problema?



# PRAZABLE DEFENSA DA TERRA (1)

Carlos Vales, secretario xeral da Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (A.D.E.G.A.)



ción, etc...- son de tal extensión e profundidade, que hai que darlles unha alternativa de carácter global. Organismos internacionais como a O.N.U. e a U.N.E.S.C.O. teñen estudiada xa a cuestión ecolóxica e formulada, dalgunha maneira, a solución: acabar coa inxustiza. Só se se encaran problemas como o da débeda externa, o expolio dos países dependentes, se pode pretender que non haxa destrución ecolóxica da Terra. Está claro en recomendacións deses organismos internacionais que cómpre un *desenvolvemento sostido* que deteña o estrago das riquezas do planeta.

ecolóxicamente está. Se ben houbo un día no que pensabamos que o problema era unha consecuencia do desenvolvemento industrial, a máis industria máis problemas ecolóxicos, hoxe máis ben cómpre afirmar que a cuestión está, máis ben, no seu grao de dependencia, e polo tanto, cal é o seu grao de miseria. Agora mesmo os problemas ecolóxicos máis agudos valen atopar en países como Etiopía onde se está a destruí-la propia base da supervivencia da comunidade humana e das comunidades animais que alí hai. Porque se non queda para que coma a xente, a xente come os bechos e, ó cabo, non quedan bechos nin xente. Estamos na destrución absoluta, é un deserto deserto, porque no deserto normal, ata nos sitios máis áridos hai seres vivos.

— Está claro que “dependencia económica” e “degradación ecolóxica” están moi relacionados


— Eu sosteño que hoxe en día canto máis pobre é un país, máis deteriorado

Redacción de Cambre

— O movemento ecoloxista nace nos países ricos, certamente, cando, resólto-los problemas básicos de supervivencia, demandan calidade de vida. Nos países dependentes víase inicialmente a cuestión como algo dos países do norte. Hoxe van tomando conciencia de que os problemas son comúns, con distintos matices, de que o importante non é acadar un desenvolvemento aparente, senón garantir que ese desenvolvemento sexa *sostido*, que non se pode facer a costa de estraga-los seus propios recursos e riquezas naturais, de que a xente viva en cidades absolutamente inhabitables, de que acepten as industrias porcallentas que nós rexeitamos, etc...

— Dinos algo máis desafortunada alternativa do desenvolvemento sostido.


— E unha idea asumida pola comunidade internacional. Os problemas ecolóxicos son xa de tal envergadura, -pensemos na chuva ácida, no cambio climático, no quecemento da atmosfera destrución de especies, desforesta-





## Santificado sexa o teu nome

Por Miguel Anxo Araújo Iglesias



¿Que queremos dicir con esta terceira invocación do "Noso Pai"?

1) *Que a vida do xusto é a que santifica o nome de Deus.* Santificar é unha palabra que etimoloxicamente significa separar. Levados deste significado pensamos moitas veces que, movidos por esta invocación, nos decidísemos a segui-los camiños que suxire, acabaríamos separados de tódolos homes, seríamos uns anormais, distintos. Pois ben, o que queremos dicir cando invocámo-la santificación do nome de Deus é unicamente isto: que estamos decididos a que "Deus sexa Deus nas nosas vidas", que estamos dispostos a que a súa presenza na nosa vida sexa tal que nela se produza o que se produciu na vida de Xesús.

2) *Que a vida do xusto non é separación senón comunión.* Como o testemuñan as narracións evanxélicas, a vida de Xesús non foi un proceso de progresiva separación dos homes por mor do seu desexo de santifica-lo nome de Deus. Mais ben, ás avesas; para mostrar que o nome de Deus é santo, para amosar dalgún xeito que Deus é diferente, mergullouse na vida dos homes, compartiu a sorte e o destino dos máis pobres. A santidad do nome de Deus amosábase na medida na que se asumía, no seu nome, a sorte dos máis marxinados e asoballados. Como dixera San Ireneu: "A gloria de Deus (a santidad do seu nome) é a salvación do home". No medio do pecado dos homes, na vida de Xesús brillaba a santidad de Deus.

3) *Que o lugar do recoñecemento de Deus é o corazón da vida.* Coidamos moitas veces que recoñecer a Deus é cuestión de xestos especiais, costumes uniformes e repetidas, palabras escollidas e cousas semellantes. Deus é recoñecido coa propia vida. Toda ela enteira. Non se recoñece soamente en determinados momentos dela, sobre todo, naqueles que se nos fan especialmente difíciles. Hai que recoñecelo no corazón da vida, alí onde puxémo-las nosas mellores esperanzas; alí, onde, sen quere-lo, somos suxeitos das sorpresas máis inesperadas; alí, onde, día a día, se vai tecendo a nosa vida co fío da máis secreta e persoal fidelidade.

Non é nos límites senón no centro da vida onde se recoñece plenamente a Deus como Deus. É certo que isto non resulta doado, pois xeralmente a vida móstranos coma un acio de moitas e indeterminadas posibilidades que temos que escoller. É certo que ante ela atopamos no noso corazón dúbida, escuridade, medo e incertidume. É certo que ante todo isto non deixamos que "Deus sexa Deus" na nosa vida, senón que trocámo-la súa presenza coas nosas imaxes, desexos e intereses. Pero, cando invocamos "santificado sexa o teu nome", queremos dicir -se o invocamos de corazón- que o noso futuro está nas súas mans. E vivindo así, sostidos por mans máis fortes cás nosas, arriscámonos a depoñer preocupacións, angustias e medos para vivirmos atentos a aqueles que están marxinados de toda confianza ante o seu futuro. Pedimos que o Señor sexa Deus na nosa vida e que polo tanto esta non sexa máis cá serena confianza de quen pón a precariedade da súa vida na forza do Espírito.

## Irmáns misioneiros de enfermos pobres

**Q**uixemos coñecer mellor a estes homes que fan un gran labor en Vigo e para elo realizamos esta entrevista ó irmán Donaire, quen contestou amablemente ás nosas preguntas:

— **¿Quen son os Irmáns Misioneiros de Enfermos Pobres?**

— Somos un Instituto fundado polo irmán Antonio Jácome Pumar, natural de Ourense, en 1946. O noso fundador morreu en 1989.

— **¿Desde cando estades en Vigo?**

— Desde 1967.

— **¿En que outros sitios estades?**

— En Cataluña temos varias casas en distintas dióceses: Girona, Vic...

— **¿Qué labor realizades?**

— O noso é un labor asistencial: coidamos enfermos pobres e marxinados sociais polo amor a Deus. Tamén temos talleres para deficientes psíquicos.

— **¿Que axudas recibides de organismos oficiais?**

— Da Xunta recibimos 3 millóns para mantemento e para a construción da nova casa.

Do concello de Vigo recibimos hai dous anos 1.300.000 e hai pouco 1.400.000, pero normalmente dáannos cen mil pesetas ó ano. Así mesmo, o Concello dalles a cartilla de beneficencia ós enfermos que non contan coa Seguridade Social.

A Deputación de Pontevedra paga 8 ou 10 camas para enfermos psíquicos.

— **¿E que axudas tedes da Igrexa?**

— Contamos co apoio das parroquias e con donativos.

— **¿Como é o proxecto da nova casa?**

— Terá cen camas: 70 para enfermos, 15 ou 20 para transeuntes e as demáis para a comunidade.

Costará cen millóns de pesetas, sen contar co mobiliario, e xa ten o tellado posto. Contamos con axudas da casa nai de Barcelona que pediu un préstamo para poder conti-



nua-la obra xa que o tempo faina encarecer: desde 1986 que escomezamos a proxectala ata 1989 que escomezamos a realizala o custo da obra subiu 15 ou 20 millóns.

— **¿Como entendedes o voso servizo, a vosa función na sociedade?**

— Como un acto de xustiza. Ademais, como cristianos, seguimos o mandamento novo de Xesús. Non é un "hobby" para nós, senón unha obriga de axudar a quen o necesite.

— **Por último, ¿queredes engadir algo máis para Irimia?**

— Sí, que nós tamén lemos Irimia, para saber como van as cousas e para mellorar o noso galego, aínda que, ás veces, nos falta o tempo.

E queremos da-las gracias pola boa acollida que nos dá a xente: énnenos de loubanzas cando nós non facemos gran cousa.

Para quen queira colaborar con nós, o noso enderezo é:

"Irmáns Misioneiros de Enfermos Pobres"

Avda. de Galicia, nº 160  
VIGO

E o noso teléfono é:  
(986) 45 18 85.

Olga Alvarez Sánchez  
(Colectivo "Vigo")



## O CASTIÑEIRO E A CASTAÑA

### Noticia e comentario das 1ª Xornadas sobre o castiñeiro na Mezquita

Os pasados 14 e 15 de decembro tiveron lugar no concello da Mezquita, ubicado na esquina sueste de Galicia, as 1ª Xornadas sobre o castiñeiro, convocadas polo Concello, a quen hai que felicitar pola iniciativa.

A Mezquita é un dos catro concellos de Galicia de maior altitude e nos días de celebración locía un sol esplendoroso, a pesar do cal nas zonas que non recibían os raios solares seguía á tarde a mesma neve que á mañá. O día 14 ó rematar a sesión da tarde puidemos comprobar que os cristais dos nosos coches tiñan unha capa de xelo.

Detíveme nos detalles anteriores porque a chata máis grande que se lle pode apoñer ás xornadas foi o de celebralas nun local non acondicionado de forma conveniente, onde o frío que pasaron os asistentes é para recordalo. E curioso observar como se constrúe na montaña coma se fose na beiramar. As ventás nin son dobres nin tan sequera teñen dobre cristal.

De todas formas a calor humana non só non faltou senón que se pode dicir que foi abundosa. O venres mesmo asistiron rapaces do nivel superior de E.X.B., os compañeiros dos cales ambientaran con debuxos e pinturas a sala onde se celebraron as sesións, a casa da cultura, inaugurada con tal ocasión.

Precisamente esa calor humana e bó acollemento permitiron subsanar deficiencias organizativas e de forma moi fructífera por certo, como cando ante a



falta dalgún viveirista na mesa redonda sobre *"¿cómo organizar a produción de planta dende a selección á produción de planta comercial?"* o que esto asina suxeriu invitar á mesa ó enxeñeiro agrónomo Sr. Simoes que lle acababa de ser presentado e que por ser director dun viveiro comercial posúe unha gran experiencia no tema; a pesar do atraco que supoñía esa invitación inesperada para incorporarse á mesa, o Sr. Simoes aceptou contribuíndo a darlle un senso práctico ó debate mediante as interesantes preguntas que dirixiu ós restantes membros da mesa, case todos eles técnicos do Centro Forestal de Lourizán.

Aproveito a ocasión para destacar a participación portuguesa nas xornadas. En tódalas ocasións en que tiveron a oportunidade de encontrarme con compañeiros portugueses experimentei a sensación de atoparme con irmáns. Amabilidade, exquisitez, sinxeleza, tal son as características que resaltaría da miña

experiencia persoal.

Pero houbo participación doutras partes, había xentes da veciña provincia de Zamora, e un pequeno fado de estudantes da escola de enxeñeiros agrónomos de Lugo, ademais de técnicos de toda Galicia e cultivadores da zona da Mezquita.

As comunicacións presentadas foron moi interesantes porque permitiron formarse unha opinión sobre o estado da cuestión. Abarcáronse técnicas de cultivo, castes de castiñeiro de froito, problemas sanitarios, viveiros, subvencións oficiais e comercialización da castaña.

Na celebración da mesa redonda sobre comercialización o que máis me chamou a atención foi a non asistencia dun dos produtores previstos e o mutismo do que estaba presente. O sector produtor, a pesar de que foi invitado con teimosía polo moderador, non deu a coñecer o seu punto de vista. Este detalle é un sintoma, moi revelador, de que nos atopamos nunha zona deprimi-

da, na que a castaña sá-bena cultivar) que os induce a permanecer mudos por falta de seguridade en sí mesmos. Con todo, no coloquio faláronse varios produtores dende o público.

A cuestión do desartellamento do sector é máis importante do que poida parecer, xa que esa foi a razón que deu o representante da Administración Central para excluír á castaña da Organización Común de Mercado (O C M) de froitos secos con cáscara, que inclúe á avelá, á amendoa, á noz, ó pistacho, e á algarroba. Esa exclusión supón a perda de miles de millóns de pesetas que podería percibi-lo sector para a súa modernización, tal e como están a percibir algunhas cooperativas catalanas produtoras de avelá e amendoa.

O futuro pasa, sen dúbida, pola creación e potenciación de cooperativas de produtores. A experiencia da Cooperativa de segundo grado Castañera Serrana, de Galaroza (Huelva), así o pon de manifesto. Cómpre poñer ó fronte das entidades cooperativas a profesionais cualificados e para iso hai que ter unha dimensión que permita pagar a eses profesionais sen que resulte demasiado gravoso. A posibilidade de inclusión da castaña na O C M de froitos secos, cousa que se demandou por parte da Consellería de Agricultura ó Goberno Central, terá moitas máis posibilidades de éxito se somos quen a crear organizacións de produtores que teñan como obxectivo a comercialización en común.

Eliseo Miguélez Díaz



## Parto sen varón

**A**ta o século XVII non se aceptou a presenza do home no parto. As mulleres protexían teimudamente ese reducto da súa intimidade. Un algo por vergoña e un algo por "ser cousa de mulleres". Os varóns que ousaron rachar coa prohibición pagaron ben caro o atrevemento. Incluso coa morte. Así lle ocorreu ó doctor Werth. Era un médico alemán, da cidade de Aamburgo. No ano 1512 matinou nun inxenioso plan. Para satisfacer a súa curiosidade científica disfrazouse de muller e colouse nun parto. Mais, para a súa desgracia, foi descuberto e condenado polos xuíces a morrer queimado na fogueira.



Se o bo do señor Werth chegase a resucitar, quedaría abraiado ó comprobar que na actualidade un 80% dos tococinecólogos son varóns; e tamén que xa empeza a ser normal a presenza do pai no nacemento dos fillos, sen outro disfraz có dunha bata.

## Rei antes de nacer



**A**conteceu cara o ano 300 antes de Cristo. Persia desfaciase nun feixe de guerras internas poñendo en perigo a tesume do seu imperio. Naqueles momentos o entón emperador ORMUZD II casaba cunha fermosa e belida princesa. Tra-la cerimonia sucedéronse sete días e noites de festas ininterrompidas ó longo do territorio. Mais ORMUZD II deixou cedo o seu niño de amores para entrar en combate. Nunha das liortas unha frecha rachoulle o peito.

Sen embargo os días de

festa non ficaran valeiros pois a princesa, xa que logo, empreñara. Magos e adiviños foron chamados a palacio para ver de esculca-lo sexo da criatura. Tras moitas reviravoltas e non menos pompa, proferiron que, de seguro, sería varon.

Máis era preciso, dados os tempos de axitación que corrían, proceder a nomealo rei. Fixose a cerimonia e as autoridades procederon á coroaición pousando a coroa sobre do ventre da xove viúva.

Cando SAPOR II veu ó mundo, atopouse coa sorpresa de que xa levaba seis meses gobernando.

## Familia

**A**ntes de instalar un botiquín é preciso ter en conta algunhas recomendacións xerais:

— Xa que os medicamentos se alteran coa calor, o aire e maila luz, hai que coloca-lo armario-botiquín nun lugar fresco e mantelo sempre cerrado.

— Cómpre anota-la data de compra de cada produto e revisar existencias cada seis meses.

# Botiquín familiar



— Non debemos reparar en tirar medicinas caducadas. O seu uso é perigoso.

— Temos que desfacer-nos de gotas nasais, colirios e xaropes abertos e non totalmente consumidos, aínda que non teñan caducado.


— En xeral, cómpre non seguir gardando ningunha medicina comprada desde hai máis dun ano.



## As tartarugas Ninja

**S**erie de debuxos animados que aparece os domingos na T.V.G. Os autores destes persoaxes son dous rapaces ata hai pouco descoñecidos. Despois dos artigos na prensa, as entrevistas en T.V., os millóns de pesetas gañados, xa non acordarán aqueles tempos en que pagarían con gusto por ver publicada algunha das súas historias.

Acertaron de cheo e ben antes de que o fixesen as grandes produtoras de debuxos animados. Parecía difícil xa que trataban da violencia (127 actos de violencia por episodio). Pero parece que por aí se atopa a cerna exitosa da serie, xuntamente co sen-



tido do humor que amosa. Parece que os nenos estadounidenses aborreceron os debuxos xaponeses,

cargados de consellos, de moral de boa intención e de recomendacións que pretendían ser ecolóxicos.

Coas tartarugas Ninja pasaremos en escasos segundos da simpatía e o encanto ó asasinato frío e despiadado.

Veremos como nos vai con estes sapoconchos que din loitar pola verdade, a xustiza e un máis grande anaco de pizza.

En Estados Unidos causaron furor. 23 millóns de persoas xa compraron xoguetes inspirados nestes bechos. E máis camisetas, gorras, bragas...


Outra creación máis de esa especie de salvadores-agresores cos que soña e fantasea a sociedade actual e tamén as grandes compañías de vídeo produción.

## Saúde

### O electroencefalograma

**C**on este procedemento mídese a actividade eléctrica do cerebro. O aparato co que se efectúan as medicións consta dunha especie de casquete, con oito ou doce electrodos, e que se coloca sobre da cabeza do paciente. Está ademais provisto duns amplificadores eléctricos que, coa axuda dun sistema de escritura, fan visibles as correntes do cerebro.

O electroencefalograma (EEG) ten gran importancia para diagnosticar enfermidades como a epilepsia e tumores cerebrais, ansiopatías (que son enfermidades dos vasos sanguíneos) e trastornos circulatorios pode facilitarlle ó médico o diagnóstico. Utilízase tamén para aclarar trastornos de desenrolo en nenos e a parálise



espástica.

Sen embargo, o electroencefalograma (EEG), só pode captar unha mínima parte da actividade eléctrica cerebral.

## Pasatempos

### Sumafroitas

Sabendo que se trata de sumas horizontais e verticais, adiviñe que número corresponde a cada froita

						36
						24
						22
						21
						38
						0
						30
						24

35 29 35 35 42 19

1 8 1 3  
5 7 2 4 4 6  
0 0 0 0 0 0  
4 6 4 9 7 8  
5 5 5 2 5 5  
1 3 3 1 5 5  
1 1 6 7 5 2  
8 6 6 6 6 3

Solucions:



## A manteiga produciume un pesadelo

**F**alabamos no número anterior de certas palabras que son préstamos de castelán, coma *bocadillo*. Certo que hai en galego a palabra *bocado*, pero xa non significa ese pan recheo con fiambres, senón a cantidade de alimento que cabe dunha vez na boca ou unha dentada que lle damos a algo. Tamén é un préstamo a palabra *empanadilla*, que unha *empanadilla* é unha empanada que é pequena, pero non tanto, ou que sabe ben; e non é o mesmo unha *tortilla*, feita con ovos, ca unha torta pequena ou *tortina*, que tamén lle podemos chamar *bola* ou *bica*; e leva, entre outras cousas, fariña.

Se eu tomo moita *manteiga* á noite -aquí xa non se toma o préstamo castelán "mantequilla"- o que podo ter durante o sono non é unha "pesadilla", senón un *pesadelo*. Quizais ó día seguinte teñamos que tomar unha *pastilla*, que tamén podemos chamar coa palabra procedente do latín *pílula*, comprimido farmacéutico que se traga enteiro e que os casteláns chaman "píldora".

E se lle queremos escapar ó castelán, en vez de dicirmos *tornillo*, que tamén o podemos facer, habémoslle chamar *parafuso*, pero ¿quen se atreve a lle pedir a un carpinteiro que se poña a *parafusar* ou arrinque cun *desparafusador* un *parafuso*? Evos como se a un *albanel* lle pido que me constrúa a casa con *tixolos*, xa que os *albaneis*, para faceren o seu labor de *albanería*, utilizan certamente *tixolos* -e as *cociñeiras*, *tixolas* para fritir (palabras que veñen do latín "tegula", que significa tella, por iso os casteláns falan de "tejuelos"), senón que lles chaman *ladrillos*, o que é lexítimo.

Palabras femininas coma *rosquilla*, *flotilla* (ou *frotilla*, por exemplo, *pesqueira*), *quilla*, *boquilla*, *cartilla*, *puntilla*, *patilla*, *zapatilla*, *carretilla*, *gargantilla*, *mantilla*, *trilla*; ou masculinas coma *cepillo*, *tesillo*, *gatillo*, *cuartillo*... non constitúen castelanismos a rexeitar, senón que son préstamos do castelán xa incorporados ó galego, como tamén o portugués tomou préstamos pola influencia de Castela.

*Este ano que finou  
foi abondo singular  
que na historia universal  
habera que recordar.*

*Sen dúbida o importante  
é o que sinalo primeiro:  
cae o muro de Berlín,  
tamén o telón de aceiro.*

*Certo que isto sucedeu  
xa no ano antepasado,  
mais consolídase neste  
o seu mellor resultado.*

*Claro que algunha cuestión  
queda aínda pendente:  
no Golfo, se é que hai guerra  
vaivos morrer moita xente.*

*Tamén o Nobel da Paz,  
Gorbachov, por navidades  
tivo motivo de anguria  
máis ca de felicidades.*

*Na política de España  
o Goberno anda coxo  
por culpa do "caso Guerra"  
que xa fede e dá noxo.*

*En Galicia, o presidente  
don Manuel Fraga Iribarne  
moveuse coma quen pon  
no asador toda a carne.*

*Dos bispos, sínodo en Roma  
para a formación dos cregos:  
todo atado e ben atado...  
e ata outra, irimegos.*



287 -1

Xosé Laxe Radio  
Preguntoiro, 3915704 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
(Coruña)

*Pode ser As Pontes  
e ep.  
Pode ser calquera outro sitio  
onde a natureza sobre e morre  
nas mans da irresponsabilidade humana.*

*¿Ata cando?  
Quizabes, cando acordemos,  
sexa tarde.*

*Mentres,  
o que importa a todos é  
o carto,  
axina e barato.*